



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Practicum		Código	652608806
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónLetrasPedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cano López, PabloGómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	pablo.cano@udc.estania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Cano López, Pablo Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Ferreiro Fernandez, Manuel Gómez Sánchez, Tania Fátima Mosquera Castro, Estefanía Muriano Rodríguez, María Montserrat Rodriguez Lopez-Vazquez, Alfredo Sobrino Freire, Iria Tato Garcia, Cleofe Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es manuel.ferreiro@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es e.mosquera@udc.es montserrat.muriano@udc.es alfredo.lopez-vazquez@udc.es iria.sobrino@udc.es cleofe.tato@udc.es ana.veleiro@udc.es	
Web				



Descripción xeral	<p>As prácticas constitúen unha experiencia formativa de preparación para a futura vida profesional do alumnado deste mestrado. Permitirán coñecer as tarefas que se levan a cabo nun centro educativo de ensino secundario e posibilitarán o establecemento de relacións frutíferas entre docentes do ámbito universitario (algúns deles tamén docentes en secundaria), docentes en activo no ensino secundario e o alumnado que pretende proxectar a súa vida profesional no ámbito docente.</p> <p>As prácticas están deseñadas para ofreceren a este alumnado a posibilidade de observar e analizar os contextos en que como futuros profesores e profesoras van desenvolver o seu labor, de xeito que poidan ter un coñecemento vivencial do traballo docente. Agárdase que sexa tomado como a oportunidade que é, e non só como unha parte máis destes estudos de posgrao. Non se debe esquecer que, como oportunidade, son os centros e o profesorado titor os que sobre todo a fan posible, e así debe ser recoñecido polo alumnado implicado e pola Universidade; este recoñecemento será compatible cunha actitude de observación e esculca propios do momento formativo en que estamos. Non se trata de imitarmos os modelos de acción</p> <p>que se observen, senón de analizar e reflexionar sobre esas e outras posibles alternativas de actuación profesional.</p> <p>A práctica que se desenvolve nos centros educativos só pode ser comprendida se se entende como se foi constituíndo o proceso de escolarización e como os axentes internos e externos actúan sobre este. Para isto é necesario ter un coñecemento sistematizado e profundo sobre o que se fai, por que se fai, para que se fai, que se podería facer e que é o que non se debe facer. Este coñecemento enriquecerá sen dúbida aqueloutros coñecementos das fases anteriores, tanto do módulo xenérico como dos específicos, servindo moitas veces de contraste enriquecedor.</p> <p>Servirá tamén ao profesorado titor dos centros de ensino, cuxa colaboración nunca se agradecerá bastante, de oportunidade para reflexionar e contrastar o seu traballo e os seus hábitos no día a día da aula e para tomar contacto, aínda que sexa brevemente, coa reflexión que desde fóra deses centros de ensino secundario se fai. Sen esquecer que en definitiva se están a formar os futuros docentes e colegas de profesión,</p> <p>evitando que o seu primeiro contacto profesional sexa coa responsabilidade e as urxencias de dirixir un grupo de alumnos e alumnas.</p> <p>Este mesmo afán terá o profesorado da Facultade, algúns deles compartindo ambos os ámbitos ?o universitario e o do ensino secundario- que ademais terá a oportunidade de contrastar as mensaxes e estratexias de traballo nos módulos teóricos coa práctica vivida e relatada por estas persoas nos centros.</p>
-------------------	---

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
	Competencias / Resultados do título
A32	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A33	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A34	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A35	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe

Competencias / Resultados do título

1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudiantes.	AP34 AP35	
2. Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e adquirir estratexias para estimular o esforzo do alumnado e promover a súa capacidade por si mesmo e con outros, e desenvolver habilidades de pensamento e decisións que promovan a súa capacidade docente.	AP34 AP35	
3. Dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula, e tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.	AP32	



4. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos.	AP33		
5. Coñecer as dinámicas organizativas e de funcionamento dun centro de secundaria ou formación profesional, así como levar a cabo unha primeira aproximación tutelada ao funcionamento dunha aula de ensino secundario e familiarizarse coa cultura organizativa dun centro escolar.	AP34		
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requieren para o seu exercicio.	AP32		
7. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos e actuar sostiblemente a favor do medio ambiente	AP32		

Contidos

Temas	Subtemas
Coñecemento do Centro Educativo, alumnado, contexto sociocultural, cultura pedagógica, organizativa e de xestión (níveis e cursos, Departamentos, Comisións, Grupos, Equipo directivo, Consello Escolar, Claustro) e relacións coas familias e a contorna.	
A planificación Educativa no Centro.	Os documentos de planificación: Proxecto Educativo (Proxecto Curricular e plan Lingüístico) Proxecto de Xestión, Plan Xeneral Anual, Programacións didácticas, Plan de Acción Titorial , etc.
Coñecemento e valoración dos programas educativos existentes no Centro.	Plan de Convivencia, Plan Tic, Plan Lector e outros programas de apoio aos centros.
Coñecemento e valoración dos recursos didácticos disponibles no Centro e no Departamento.	
Deseño e programación de unidades didácticas e procesos de intervención en diferentes materias e niveis educativos, no marco do Departamento Didáctico da especialidade.	
Modelos e estilos de ensino más axeitados ás materias da especialización.	
Análise dos procesos de comunicación na aula e de actuación docente.	- Medios para a súa valoración e mellora. - O asesoramento e a colaboración profesional.
Procesos de innovación e mellora no ensino das materias da Área.	
A intervención e a atención á diversidade na aula. O exercicio da titoría.	- A intervención e a atención á diversidade na aula. - O exercicio da titoría.
Modelos e prácticas de avaliación no Centro e no Departamento.	
Deseño e valoración dos instrumentos de avaliación do alumnado e do ensino.	

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	38	103	141
Saídas de campo	A33 A34 A35	42	108	150
Atención personalizada		9	0	9
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Realización da memoria. Elaboración dun informe por escrito para ser valorado polo titor da Universidade. A extensión é de 40 páxinas máximo e 25 páxinas mínimo en DIN A4, en arial 11 a dobre espazo, e sen considerar os posibles anexos (agás no itinerario de artes). É obrigado entregar un exemplar encadernado e unha copia en soporte informático.
Saídas de campo	Achegar ao alumnado á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivida do centro e da aula. Observación e intervencións puntuais co apoio e supervisión do titor do centro. Deseño de polo menos unha proposta didáctica da etapa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Os titores/as deberán dar a coñecer os días, as horas e as formas de contacto, tanto para o alumnado como para o profesorado titor dos centros. O profesorado titor, tanto da Universidade como dos centros, pode dirixirse á coordinación do practicum nos momentos e formas de contacto que lles serán comunicados.
Saídas de campo	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do traballo cos seguintes criterios: - Capacidad de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidad para relacionar ideas e accións - Capacidad de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidad de descripción de escenarios, situacións e accións - Capacidad de autoavaliación e autocriticá - Orixinalidade da proposta	50
Saídas de campo	A33 A34 A35	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	50

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións. No caso de non aprobar algúndas partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada. Na segunda oportunidade de avaliación: A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidades terá a ocasión de mellorala para a segunda. As prácticas non pueden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda. A revisión, que se fará diante do profesorado titor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. En canto á nota posta polo/a titor/a do centro soamente se poderá coñecer a pormenorización da aplicación dos criterios de avaliación.



Bibliografía complementaria	AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010) Diversidad e igualdad en educación. Madrid, UNED.CARBONELL SEBARROJA, J. (2008) Una educación para mañana. Barcelona, Octaedro.CARBONELL SEBARROJA, J. (2009) La vida escolar en un curso: cosas que no siempre se explican. Barcelona, Graó.CASADO ROMERO, A. (2010) Aprender a ser maestro: creencias de los estudiantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca, Universidad de Castela-A Mancha.CAMPS, V. (2008) Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona, Península.CASTELLS CUIXART, P. (2011) Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridad y la mala educación. Barcelona, Península.DOMENECH, J. e GUERRERO, J. (2005) Miradas a la educación que queremos. Barcelona, Graó.ESCUDERO PÉREZ, J. e MARTÍNEZ TEN, L. (coords.) (2011) Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid, Los Libros de la CatarataESTEVE, O.; MELLEF, K. e ANSINA, A. (coords.) (2010) Creando mi profesión. Una propuesta para el desarrollo profesional del profesorado. Barcelona, Octaedro.GARCÍA ARETIO, L. (2009) Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. Madrid, UNED.GIMENO SACRISTÁN, J. (comp.) (2006) La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata.MAÑU NOAIN, J. (2010) Docentes competentes. Por una educación de calidad. Madrid, Narcea.ORTEGA, R. (coord.) (2010) Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid, Alianza.PÉREZ SERRANO, G. (2010) Aprender a convivir: el conflicto como oportunidad de crecimiento. Madrid, Narcea.RODICIO-GARCÍA, M. L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M. J. (2011) El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid, Biblioteca Nueva.RODRÍGUEZ JARES, X. (2006) Aprender a convivir. Vigo, Xerais.SANCHO GARGALLO, M. et al. (2007) Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid, Fundación Europea Sociedad e Educación.SEGOVIA GARCÍA, N. (2006) Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnologías. Vigo, Ideas Propias.SUBIRATS, M. e TOMÉ, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación . Barcelona, Octaedro. Bibliografía complementariaCANTÓN MAYO, I. (coord.) (2009) Narraciones de la escuela. Barcelona, Editorial Davinci.CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2010) Narraciones de maestros. Barcelona, Editorial Davinci.DÍEZ NAVARRO, C. (2003) El piso de abajo de la escuela. Barcelona, Graó.McCOURT, F. (2005) El profesor. Madrid, Maeva.PENNAC, C. (2008) Mal de escuela. Barcelona, Mondadori.SOBRADO, L.; FERNÁNDEZ, E. y RODICIO, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva.TONUCCI, F. (1988) Niño se nace. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1989) Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1993) La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1994) Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (2003) Cuando los niños dicen ¡Basta!Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os envíos dos traballos serán telemáticamente e se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías